

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde do Concello de Vimianzo

pon en coñecemento para todas as veciñas e veciños:

Que a Xunta de Galicia ven de publicar a Orde do 8 de marzo se establecen as bases reguladoras que rexerán a concesión de **axudas individuais destinadas á adquisición de servizos de promoción da autonomía persoal, e de servizos complementarios de asistencia persoal, a persoas con discapacidade** ([DOG nº 53 do 17/03/2016](#)).

Obxecto: Axudas individuais, de carácter non periódico, coa finalidade colaborar neste tipo de gastos. Serán financiáveis só as actuacións que se realicen entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2016.

Requisitos: Persoas que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, así como pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou grande invalidez, e os pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

Poderán solicitar estas axudas as persoas que solicitasen o recoñecemento do grao de discapacidade con anterioridade á data de publicación desta convocatoria. A percepción da axuda quedará condicionada a que lles sexa recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %.

A persoas solicitantes de servizos complementarios de asistencia persoal, deberán ter recoñecida a prestación de asistencia persoal a través do SAAD.

Actuacións subvencionables

Adquisición de servizos de promoción da autonomía persoal: Teñen por finalidade desenvolver e manter a capacidade persoal de controlar, afrontar e tomar decisións acerca de como vivir de acordo coas normas e preferencias propias e facilitar a execución das actividades básicas da vida diaria, de maneira que todas as persoas poidan levar unha vida o máis autónoma posible: fisioterapia, respiro familiar, podoloxía, logopedia, atención temperá...

Adquisición de servizos complementarios de asistencia persoal: Asistencia nas necesidades de carácter doméstico e da vivenda; Asistencia nas actividades básicas da vida diaria; Asistencia en xestións administrativas ou doutra natureza fóra do domicilio; Asistencia en actividades de participación social, educativa, laboral ou de lecer.

Lugar de presentación: por vía electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, na Consellería de Política Social, na Área de Benestar Social do Concello de Vimianzo.

Prazo: Dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación no DOG. Ata o 18 de maio de 2016 (por ser o día 17 inhábil).

Información e tramitación: Servizos Sociais Comunitarios

Vimianzo, a 8 de abril de 2016.

Alcalde do Concello de Vimianzo